



TRANSCANTÁBRICA: LOIBA-PORTO DE ESPASANTE

Club de Montaña O Carroucho

18 de Febreiro de 2017

Partimos dos cantís de Loiba en Picón, cunha das máis coñecidas vistas panorámicas de Galicia. Entre os baixos e formacións, atopamos tamén algunhas furnas. Dende o banco de Loiba podemos ver o pequeno illote triangular do Coitelo fronte a unha pequena cala á esquerda da praia de Castro. Proseguimos pola costa en dirección a Espasante.

A continuación atopamos dúas praias, a primeira é a de Fábega, e a segunda praia Furada aínda que se lles chama tamén praias de Loiba. Pasaremos polo desvío ao miradoiro de Pena Furada,



pero dende máis adiante teremos outro con vistas sobre a mesma praia. Os ilotes e baixos de enfronte coñécense como os Castros. Existe unha pena moi característica separando estas dúas praias da praia do Sarridal, o carro ou pena Furada.

Veremos O sarridal, pero teremos que desviarnos temporalmente da costa para evitar baixar esta praia cun acceso bastante incómodo. Retomaremos a costa nun prado no final da praia e continuaremos polos camiños forestais abertos preto da punta da Bandexa. Podemos ver á esquerda o illote da Gavioteira. Tras un corto percorrido, vimos dar á pequena cala de praia Bimbieira na que desemboca o río Mazorgán, na punta da enseada de San Antón. A enseada é ocupada na súa totalidade por estas tres praias separadas por un saínte, a praia de Cétigos e a de San Antón. Baixaremos

Datos Básicos


Comezo:	Banco de Loiba
Remate:	Porto de Espasante
Distancia lineal:	12 km.
Duración aprox.:	3 horas
Dificultade:	Baixa-Media
Altura máxima:	135 m
Altura mínima:	4 m
Acumul.:	↗319 m / ↘347 m

por esta praia e percorrерemos sobre area o tramo que nos resta ata Espasante.

Dende o extremo da praia de San Antón accedemos ao casco urbano de Espasante. Podemos percorrer as rúas ata o porto e facer un desvío circular para visitar o castro de Espasante e a garita da Vela, de uso similar á garita de Bares, sinalización con fachos e vixilancia marítima no século dezasete. Dende o punto máis alto tamén teremos unha magnífica vista do porto e praia de Espasante, así como da boca da ría de Ortigueira e máis da zona de Carriño, que viñamos ollando durante a maior parte da ruta.



Percorremos Espasante polo paseo marítimo paralelo á praia da Concha e no seu extremo occidental atopamos o bus no aparcadoiro da entrada do pobo. Daremos por finalizada a etapa e a ruta transcantábrica. A laconada será no restaurante Giz, na saída de Ortigueira, a 1 km do seu centro urbano.



Próxima cita:

11 Marzo
Malpica-Niñóns



www.carroucho.org